

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
3º TRIMESTRE
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA
MATERIA: ED. FÍSICA
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

EDUCACIÓN FÍSICA

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Información e publicidade**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALADOS NO 3º TRIMESTRE

| EDUCACIÓN FÍSICA | |
|--|--|
| 1º CURSO | EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información |
| | EFB1.3.4-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. |
| | EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable. |
| | EFB3.1.1-Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. |
| | EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade |
| 2º CURSO | EFB4.1.3-Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia. |
| | EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita |
| | EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. |
| | EFB2.2.2-Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. |
| | EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. |
| | EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. |
| | EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. |
| | EFB4.1.3-Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. |
| ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. | |
| ▪ EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | |

| | |
|---------------------|--|
| 3º CURSO | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. |
| | EFB2.2.2-Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado |
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. <p>EFB3.1.2-Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> |
| | <p>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</p> <p>EFB4.1.3-Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica</p> |
| | EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. |
| 4º CURSO | EFB1.2.1-Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. |
| | EFB2.2.2-Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables. |
| | EFB3.1.2-Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. |
| | EFB3.1.5-Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies |
| | EFB4.1.2-Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. |
| | EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas |
| 5º CURSO | <p>EFB.1.2.1-Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</p> <p>EFB.1.3.4-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p> |
| | EFB.3.1.2-Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. |
| | EFB.3.1.3-Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. |
| | <p>EFB.3.1.5-Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p> <p>EFB4.1.3-Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.</p> |

| | |
|---------------------|--|
| | EFB6.2.3-Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. |
| 6º CURSO | EFB1.2.1-Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. |
| | EFB3.1.2-Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. |
| | EFB3.1.3-Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. |
| | EFB3.1.5-Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. |
| | EFB4.1.3-Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida. |
| | EFB6.2.3-Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. |

COMPETENCIAS TRABALLADAS NO 3º TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente a competencia lingüística (CL), a competencia dixital (CD), a competencia de aprender a aprender (CAA) e no sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia lingüística é moi necesaria para unha aprendizaxe eficiente e autónoma.

A competencia dixital, fundamental nun momento no que teremos que usar diferentes ferramentas tecnolóxicas.

A competencia de aprender a aprender traballarase enormemente ao longo deste trimestre xa que necesitarán organizarse autonomamente (en función da súa idade) así como seguir orientacións para levar a cabo as tarefas.

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE

O alumnado ao longo deste trimestre recibirá propostas eminentemente lúdicas. As circunstancias do noso alumnado son moi diversas, polo que teremos moi en conta tanto ao alumnado que dispón de campo e espazo de lecer para a práctica da actividade física por vivir na zona rural como ao alumnado que está nun piso.

Planificaremos multitude de propostas para todos os niveis, pensando nas distintas posibilidades que poden ter nas casas. Por medio da web do centro, subiremos todas as actividades en formato pdf e sobre todo a través dunha ferramenta denominada “genially”.

A idea que sempre transmitiremos ao noso alumnado é a necesidade de facer exercicio físico, sexa o que sexa, e dependendo sempre das posibilidades de cada quen. Dende o departamento consideramos importante facer unha proposta moi variada para que vaian escollendo aquelas que máis lle chamen.. Asimesmo, na web do centro plantexaremos o traballo estruturado por día e sesión (todas as actividades están na propia web do centro , asi como no blog “rillamillas.blogspot”.

No **Anexo I** mostramos un pequeno resumo das actividades propostas ao alumnado, a través das imaxes das portadas dos traballos realizados coa ferramenta “genially”

En canto á **metodoloxía** será globalizadora,, participativa e lúdica. Dadas a especiais circunstancias, todas as propostas enviadas ao alumnado terán un carácter eminentemente lúdico.

Planificaremos quincenalmente e, ofreceremos unha dinámica semellante á que levarían a cabo dentro do colexio, é dicir, 2 sesións semanais e unha terceira para escoller o que máis lle guste. Co alumnado de 5º e 6º favoreceremos o uso da plataforma EVA, para resolver calquera dúbida.

Materiais e recursos: E-Dixgal, tarefas e actividades deseñadas, diferentes materiais dixitais, uso da ferramenta “genially”, web do centro.

A Dirección do centro, xunto coa colaboración das titorias, solventaron os diferentes problemas de conectividade que se foron detectando.

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

En canto aos criterios de avaliación, mantemos os mesmos establecidos na programación.

En Educación Física, a avaliación será **contínua, global e formativa**

A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os **dous primeiros trimestres** do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación de aprendizaxes realizadas dende o estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumn@ (tal e como indican as Instrucións do 17 de abril de 2020).

A nota coincidirá coa da segunda avaliación se está é positiva, podendo valorarse un incremento da mesma, tal e como quedou reflectido con anterioridade.

No caso de alumn@s coa materia pendente nos primeiros trimestres, valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado (para tal efecto o mestre manterá contacto coa titora do curso e coa familia, de selo caso)

Co alumnado de 5º e 6º de primaria, dende este área, mantemos contacto a través da plataforma EVA do proxecto E-Dixgal. Co alumnado dos outros cursos, o contacto farase a través da web do colexio (colgando as actividades) ,por medio das titoras de cada grupo e/ou mediante espazo Abalar.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil. |
| Publicidade | Na web do centro. |

ANEXO I



